

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 25 de setembro de 2023 na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo e no Paraninfo, que poden ser do seu interese:

- \* Aprobación das actas correspondentes á sesión ordinaria do 20 de xuño de 2023 e á sesión extraordinaria do 26 de xuño de 2023.
- \* Aprobación do procedemento para a realización, tratamento e presentación de resultados das enquisas de avaliación docente do profesorado.
- \* Aprobación da extinción do título de Máster en Administración e Dirección de Empresas (MBA).
- \* Aprobación do calendario e procedemento para a aprobación de verificación e modificación de titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2025/2026.
- \* Aprobación da modificación do Regulamento do réxime interno do CACTI.
- \* Aprobación da modificación do Regulamento de réxime interno de atlantTic.
- \* Aprobación da modificación do Regulamento de réxime interno do CISPAC.
- \* Aprobación da modificación, da denominación da Spinoff “PRISMATRIX”.
- \* Aprobación do Regulamento de réxime interno da Facultade de Relacións Internacionais.
- \* Aprobación do Regulamento de réxime interno da Facultade de Bioloxía.
- \* Aprobación do Regulamento de réxime interno da Facultade de Dirección e Xestión Pública.
- \* Elección dos membros da Comisión de Convivencia e Bo Goberno:
  - Sector PDI:
    - Patricio Sánchez Fernández (Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo – Ourense)
    - M<sup>a</sup> José Vázquez Figueiredo (Facultade de Educación e Traballo Social – Ourense)
  - Sector estudantes:
    - Nerea Ferreiro Fernández (Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo - Vigo)
    - Sandra M<sup>a</sup> Martínez Gómez (Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo - Vigo)

A secretaria xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.